



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Núm 153/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA BOLSAS DO "MÁSTER EN DEREITO: ESPECIALIDADE EN ESTUDOS DA UNIÓN EUROPEA", EDICIÓN 2015-2016

Na Coruña, a 11 de outubro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutra, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (Cif Q6550005J).

Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercizo das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

O Instituto Universitario de Estudos Europeos "Salvador de Madariaga" (Cif Q6550005J), da Universidade da Coruña (IUEE, en adiante), ten como obxectivo favorecer a promoción e o desenvolvemento do coñecemento e da investigación científica sobre os aspectos más útiles da realidade internacional e europea, así como o ensino dos estudos internacionais e europeos, en particular os relativos á Unión Europea.

Este centro docente e investigador obtivo da Unión Europea o recoñecemento de Centro de excelencia Jean Monnet "Institución e Dereito da UE" (número de referencia 2013-3040/001-001). Os Centros de excelencia artellan a realización de actividades docentes e de difusión científica e social de temas da Unión Europea, sendo un rasgo distintivo da súa maneira de actuar a apertura a outras institucións.

O IUEE colabora coa Facultade de Dereito da Universidade da Coruña nas actividades do "Máster en Dereito: Especialidade en Estudios da Unión Europea", que organiza a devandita facultade. A implantación deste postgrao, de carácter académico-investigador, foi aprobada polo Decreto da Consellaría de Educación núm. 51/2006, do 23 de marzo (DOG núm. 61, do 28 de marzo).

O Centro Europe Direct, da Deputación Provincial da Coruña (Centro ED, en adiante), pola súa banda, é un enlace europeo de información cuxo obxectivo é pór a información comunitaria a disposición dos concellos da



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

provincia e dos cidadáns en xeral, a fin de responder as súas expectativas e achegalos á construción europea, así como facilitar o acceso dos concellos as diversas fontes de financiamento comunitarias.

Xa que a finalidade común ás dúas institucións é a promoción do coñecemento dos temas comunitarios, considérase de especial interese colaborar para poder ofrecer a máis alta calidade docente e especialización práctica nesta materia, e favorecer a integración profesional dos alumnos do citado Máster, polo que as dúas institucións acordan establecer un convenio de colaboración consistente nun programa de prácticas de formación na Deputación Provincial da Coruña para alumnos que superasen o "*"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", edición 2015-2016*

Co obxectivo de desenvolver este interese compartido, consideran conveniente formalizar o presente convenio con suxección as seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

Os obxectivos do convenio son os seguintes:

* Proporcionar experiencia práctica a alumnos do "*Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", edición 2015-2016*", en temas xurídicos e económicos europeos, mediante a realización de prácticas no Centro Europe Direct e na ÁREA Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente.

* Permitir á Deputación Provincial da Coruña e aos concellos da provincia contar con especialistas en temas xurídicos e económicos europeos capacitados para a elaboración e a xestión de proxectos de axudas.

* Toda outra actuación complementaria das anteriores e aceptada como de interese mutuo polas dúas institucións.

Con tal finalidade, as dúas partes comprométense a levar a cabo as seguintes actividades:

A) PROGRAMA DE BOLSAS EN PRÁCTICAS

Ofreceranse ata un máximo de:

- Tres bolsas en prácticas no Centro Europe Direct aos alumnos que superen o "*Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", edición 2015-2016*".
 - o As tres bolsas terán unha duración de doce meses, cunha dotación de 900,00 euros/mes cada unha.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- Tres bolsas en prácticas no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Aos alumnos que superen o *"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea"*, edición 2015-2016.
 - o As tres bolsas terán unha duración de doce meses, cunha dotación de 900,00 euros/mes cada unha.

Os bolseiros en prácticas serán bolseiros da Deputación Provincial da Coruña. A Universidade da Coruña colaborará únicamente na súa selección.

A concesión das bolsas desenvolverase sobre a base das seguintes **DIRECTRICES**:

REQUISITOS DOS BOLSEIROS

- **Nacionalidade:** Posuír, con carácter preferente, a nacionalidade española ou a nacionalidade dalgún país membro da Unión Europea.
- **Cualificacións:** Ter superado o *"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea"*, edición 2015-2016
- **Lingua:** Para sacar todo o proveito posible das prácticas e realizar ben as súas tareas:
 - o Os bolseiros deben ter un bo coñecemento, al menos, dúas linguas europeas, unha das cales debe ser unha das linguas de traballo da Comisión Europea (inglés, francés, alemán), aínda que se valorará especialmente o coñecemento do inglés.
 - o Os coñecementos das linguas, distintas da lingua materna, mencionadas deberán ser acreditadas convenientemente (por exemplo, mediante títulos, certificados, probas de que estudiouse a lingua en cuestión, etc.).
- Non estar separado do servizo de ningunha administración ou institución como consecuencia dun expediente disciplinario.

SOLICITUDES

As persoas candidatas ás bolsas para a realización de prácticas de formación na Deputación Provincial da Coruña formularán as súas solicitudes no modelo normalizado que se facilitará no IUEE "Salvador de Madariaga".

As solicitudes deberán estar acompañadas da seguinte documentación:

- Un currículo, acompañado de cantos documentos e certificacións poidan avalalo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- Unha declaración xurada na que o alumno se compromete a renunciar, se for seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas.
- Unha declaración xurada de non estar separado do servizo de ningunha administración ou institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.
- Unha fotocopia do DNI/NIE ou do pasaporte.
- Certificación acreditativa de ter superado o *"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea"*, edición 2015-2016

As persoas candidatas deberán indicar nas súas solicitudes, aínda que non será excluente, a súa prioridade para realizar as súas prácticas:

- no centro Europe Direct A Coruña
- no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

O prazo para a presentación das solicitudes será o que determine o IUEE "Salvador de Madariaga".

SELECCIÓN

A selección dos candidatos será realizada por dúas comisións de acordo co destino dos bolseiros:

- **Para os bolseiros de Europe Direct A Coruña:** unha comisión formada por dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, unha persoa representante do IUEE "Salvador de Madariaga" e unha persoa representante do "Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea".
- **Para os bolseiros do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente:** unha comisión formada por dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, unha persoa representante do IUEE "Salvador de Madariaga" e unha persoa representante do "Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea".

Alén do exame da documentación presentada, estas comisións poderán convocar aos solicitantes a unha entrevista persoal.

As comisións non valorarán aqueles méritos alegados polas persoas candidatas nas súas solicitudes que non estean acreditados documentalmente.

As comisións proporán ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña unha relación das persoas candidatas seleccionadas para o seu nomeamento, e engadirá as persoas suplentes que considerar oportuno. A criterio da Comisión, as bolsas poderán quedar desertas.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

No caso de que algún dos bolseiros, por calquera motivo, non poida iniciar ou non queira seguir prestando a súa colaboración, ou se a Deputación Provincial da Coruña decidise resolver a concesión dalgunha bolsa, o bolseiro será substituído pola seguinte persoa candidata na listaxe ou ben se procederá a seleccionar un novo bolseiro no prazo máximo de dez días.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento das súas bases e das súas condicións, que se recollen no presente convenio. O incumprimento por parte do bolseiro dalgunha delas, sen causa debidamente xustificada, suporá a perda da bolsa concedida e, se for o caso, o reintegro das cantidades que se percibisen.

As bolsas teñen unha finalidade formativa. A condición de bolseiro en ningún caso poderá considerarse ou dará lugar a relación laboral ou administrativa coa Deputación Provincial da Coruña.

DEREITOS E DEBERES DOS BOLSEIROS

1. Incorporación

Os bolseiros incorporaranse no centro Europe Direct A Coruña ou no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente da Deputación da Coruña, no prazo establecido na notificación da adxudicación da bolsa. O bolseiro que non se incorporar no prazo establecido perderá os dereitos inherentes á bolsa, agás por causa xustificada de atraso apreciada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

2. Duración das prácticas

As bolsas en prácticas terán unha duración de doce meses. Porén, a duración inicial poderá ser obxecto de ampliación en función da dispoñibilidade orzamentaria.

3. Lugar de desenvolvemento das prácticas

Os bolseiros realizarán a súa actividade nas dependencias da Deputación Provincial da Coruña ou, se fora o caso, en concellos da provincia conforme o determine o programa de traballo.

4. As prácticas

A súa actividade de prácticas formativas será dirixida e supervisada polos servizos administrativos correspondentes, da Deputación Provincial da Coruña.

Para cada persoa en prácticas, designarase un tutor responsable. Un tutor poderá ser tutor de varias persoas en prácticas. O tutor deberá guiar e acompañar a persoa baixo a súa responsabilidade durante as prácticas e ser o seu asesor. O tutor deberá informar inmediatamente o director/a do servizo correspondente sobre calquer incidente significativo durante as prácticas (en particular, insuficiencias profesionais, ausencias, enfermedades, comportamentos inapropiados ou a interrupción das prácticas) que constatará ou que fora informado pola persoa en prácticas.



A persoa en prácticas deberá cumplir as instruccións do seu tutor, do seus superiores nos servizos correspondentes.

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a facilitar os medios materiais, técnicos e humanos que sexan precisos para a adecuada realización da formación práctica.

5. Confidencialidade

As persoas en prácticas deberán observar a maior discreción en relación cos feitos e a información dos que teñan coñecemento durante as súas prácticas. Non revelarán, en modo algúin, a persoas non autorizadas ningún documento ou información que aínda non fora feita pública. Quedarán vinculados por esta obriga incluso unha vez acabadas as súas prácticas.

As persoas en prácticas non deberán ter ningunha relación profesional con terceiros que sexa incompatible con as súas prácticas (por exemplo, non deben traballar con lobbies, etc). Se xurdira un conflicto de intereses durante as prácticas, informarán inmediatamente diso por escrito ao seu tutor/a e o seu director/a de servizo correspondente.

6. Dereitos de autor

No caso de que o bolseiro elabore ou colabore na realización dunha publicación, os dereitos do autor pertencerán íntegramente ao centro Europe Direct A Coruña ou servizo correspondente. A colaboración do bolseiro poderá recollerse no informe final das actividades realizadas durante o período de prácticas.

7. Ausencias

7.1. Vacaciones

As persoas en prácticas deberán desenvolver xornada de traballo equivalente a 37 horas e media semanais e terán dereito aos días festivos oficiais correspondentes que haxa durante as súas prácticas.

Terán dereito a 22 días hábiles de vacacións por ano. Este dereito adquirase, a prorrata dos meses traballados, a partir do primeiro día do mes. Os días de vacacións non tomados non darán lugar a unha indemnización sustitutoria. Os días tomados para participar en calquera concurso, examen ou traballo universitario, etc. deduciranse de este dereito. As solicitudes de vacacións deberán respetar as necesidades do servizo correspondente. Deberán ser aprobadas, en primeiro lugar, polo tutor e aprobadas, a continuación, polo director/a correspondente.

7.2. Ausencia en caso de enfermedade



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

No caso de enfermidade, as persoas en prácticas deberán avisar inmediatamente ao seu tutor e, se a ausencia é superior a tres días, deberán presentar un parte de baixa médica oficial, que deberá remitirse ao Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial, no que se indique a duración probable da ausencia.

7.3. Ausencia inxustificada

Cando o interesado se ausente sin xustificación ou sin informar ao seu tutor e ao seu director/a correspondente, o Servizo de Recursos Humanos poderá pedirlle por escrito que informe ao servizo no que realiza as prácticas no prazo dunha semana a partir da recepción de esta comunicación escrita. A persoa en prácticas deberá entonces facilitar unha xustificación axeitada para a súa ausencia non autorizada. Estes días de ausencia deduciranse automáticamente dos días de vacaciós aos que ten dereito. O Presidente da Deputación, tras consultar o director/a correspondente, poderá decidir, tras examinar a xustificación aducida ou se non recibira xustificación ao termo do prazo mencionado, por fin ás prácticas sin preaviso. Deberá devolverse a Deputación Provincial o importe da beca pagado en exceso.

8. Interrupción

En circunstancias excepcionais, previa petición escrita da persoa en prácticas e por motivos debidamente xustificados, o director/a do servizo correspondente poderá autorizar a interrupción das prácticas durante un período de tempo determinado. En tal caso, se suspenderá a bolsa e o seu beneficiario non terá derecho a dotación mensual correspondente e a cotización da seguridade social.

A persoa en prácticas poderá regresar para completar a parte non finalizada das prácticas, pero sólo ata o final do período de bolsas aprobado. Non será posible ninguna prolongación.

9. Resolución do período de prácticas

No caso de que a Deputación Provincial da Coruña estimara que un bolseiro non se adapta a ela ou non avanza adecuadamente no proceso de prácticas formativas, comunicarao ao IUEE "Salvador de Madariaga" e poderá resolver en calquera momento a concesión da bolsa, apóis a audiencia do bolseiro.

Se un bolseiro non quixer seguir prestando a súa colaboración nas actividades que son obxecto da bolsa, deberá comunicalo mediante un escrito motivado e dirixido ao presidente da Deputación da Coruña, que deberá ser presentado no rexistro da citada institución coa maior antelación posible antes de abandonar as súas actividades de formación e concluír a bolsa.

10. Informes e Certificados



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Ao remataren as bolsas, os bolseiros realizarán unha memoria detallada das actividades que desenvolveren, que serán avaliadas pola Deputación Provincial da Coruña. En función da avaliación, a citada institución expedirá o oportuno certificado acreditativo, que fará referencia ao presente convenio e indicará as datas do período, a actividade desenvolvida e o servizo no que estiveron destinados.

11. Seguro dos bolseiros

Sen prexuízo do previsto no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, que regula os termos e condicións da inclusión no Régime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, que desenvolve a DA 3ª da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, a Deputación Provincial da Coruña incluirá aos bolseiros no seguro colectivo de accidentes e de responsabilidade civil para que poidan estar cubertos durante o período completo de prácticas.

12. Sancións e medidas disciplinarias

12. 1. Rendemento insuficiente

A raíz dunha solicitude xustificada presentada polo tutor e aprobada polo director/a do servizo correspondente, poderase poñer termo ás prácticas se o rendemento profesional ou o coñecemento das linguas de traballo son insuficientes para a execución axeitada das tarefas encomendadas.

12.2. Declaracións erróneas

O director/a do servizo correspondente resérvase o dereito de poñer termo ás prácticas si, en calquera momento, demóstrase que a persoa en prácticas fixo, con coñecemento de causa, declaracións erróneas ou falsas, ou facilitou documentos falsos ao presentar a súa candidatura ou durante o período de prácticas.

II. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A) PROGRAMA DE BOLSAS EN PRÁCTICAS

1. A dotación para o programa de bolsas en prácticas no Centro Europe Direct (cláusula I.A) será de 32.400,00€, que se distribúen en tres bolsas en prácticas dunha duración de doce meses a razón de 10.800,00€ por bolsa anual.
2. A dotación para o programa de bolsas en prácticas no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente será de 32.400,00€ (cláusula IB), que se distribúen en tres bolsas en prácticas dunha duración de



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

doce meses, prorrágables conforme a aprobación da prórroga do convenio, a razón de 10.800,00€ por bolsa anual.

3. A Deputación Provincial da Coruña realizará o pagamento directamente a cada un dos bolseiros baixo o concepto "Bolsa en prácticas na Deputación Provincial da Coruña".

B) IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA

1. A imputación orzamentaria é a seguinte:

| ANUALIDADE | PARTIDA | OBXECTO | ACHEGA |
|--------------|----------------|--|-------------------|
| 2017 | 0111/9252/481 | Prácticas no Centro Europe Direct, edición 2014-2015 | 32.400,00€ |
| | 0710/211/16000 | Costes Seguridade Social becarios | 1.268,64€ |
| | 0520/3269/481 | Prácticas no Servizo de Desenvol.Territorial e M.A. | 32.400,00€ |
| | 0710/211/16000 | Costes Seguridade Social becarios | 1.268,64€ |
| TOTAL | | | 67.337,28€ |

2. Para as anualidades futuras, advítese a UNIVERSIDADE DA CORUÑA de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

III. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. A vixencia do convenio será dende a sinatura ata o 31 de maio de 2018. No caso de prórroga, estará vixente ata o 31 de maio de 2019.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

IV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público. En todo caso, corresponderá ao Presidente da Deputación á resolución de dúbidas interpretativas exportas.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Correspondelalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 23534 de 5 de outubro de 2016

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadriplicado na data que se indica na cabecera.

O PRESIDENTE, P.D.

O DEPUTADO DE PATRIMONIO,
CONTRATACION E EQUIPAMENTO

Asdo.- Xesús Soto Vivero

O REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA,

Asdo.- Julio E. Abalde Alonso